

«Hai que fomentar que na Mariña haxa máis actitude emprendedora»

Tutorizou máis de 300 proxectos en Galicia, dos que arredor de 180 seguen activos

YOLANDA GARCÍA

VIREIRO / LA VOZ

A pontenovesa Verónica Ramallal coñece a fondo o complexo mundo do emprendemento. Ser autónomo é toda unha odisea á que se enfrenta cun elixir ese camiño na vida cando o talento e a innovación son impulsores dunha economía que pensa en presente pero máis en futuro. A pontenovesa Verónica Ramallal «Pekecha» sabe como funcionan tales labirintos profesionais. Ofreceru o seu coñecemento e reflexión recentemente no Parinarinfo da Universidade de Santiago de Compostela dentro do VI Congreso Innovatía 8.3, iniciativa do Instituto de las Mujeres e a USC onde ela puxo de manifesto as dificultades que viviu en primeira persoa sendo muller, xoven e emprendedora.

No ano 2010 arrancaba a súa axencia, Pekecha Creatividad Digital, desenrolando «proxectos con alma» e especializándose en social media, e-commerce, marca personal, formación e ultimamente en IA aplicada a negocios para optimizar e axilizar procesos vinculados co marketing e xestión. Este ano foi recoñecida como a mellor axencia de marketing dixital no prestixioso ranking de Billionhounds. O ano pasado formou parte da lista de candidatas ás 100 Top Mujeres Líderes, na categoría Startups y Profesionales Independientes. Participou no último curso de verán da UDC, celebrado en Barreiros, sobre emprender en turismo, enfocándose en modelo de negocio e estratexia.

—Hai diferenzas entre emprendemento feminino e masculino?
—O discurso que mantiven na mesa redonda do Parinarinfo cen-



trouse en que hai un problema no fomento da cultura emprendedora, dende a base. É dicir, nos educan como fai 20 anos para ser funcionarios ou para buscar un posto. Hai que ensinar cultura emprendedora, o que non quere dicir que teñas que ser emprendedor. Dá igual o xénero. A diferenza a día de hoxe non a vivo porque a miña é unha marca consolidada e a marcas grandes detraís por notas que se cuestiona moito máis quizás a túa valía ou capacidade, sobre todo cando hai unha conciliación. A veces fan preguntas, incluso dentro do meu propio xénero ou dende a Administración, que nin van nin veñen: se tes parella, se queres ser nai... Iso non debe importar. Notei máis ao principio, tendo 20 e pico anos e dicindo que teletraballaba. A diferenza que vexo é a que a liberdade é moitísima máis no caso dos homes, ao final.

«Volvería facelo, estou contentísima de ter tirado para diante co proxecto Pekecha»

—Hai medo a ser autónoma, a tirarse á piscina?

—Si. Eu traballo moito con universidades, spin-off, coa Escola de Organización Industrial facendo mentoring a proxectos. Creo que tutoricei máis de 300 e deles, uns 180 seguen vivos hoxe en día en Galicia. É unha ratio moi boa. No resto de Europa hai cultura emprendedora, aquí non. Aínda así, volvería a facelo e estou contentísima de ter tirado para diante con este proxecto. No meu caso, os inicios foron difíciles. Emprender é duro pero entendo que compensa porque che fai crecer moitísimo como persoa a todos os niveis, pero é certo que hai que perder máis tempo coa burocracia que dedi-



No Parinarinfo da Universidade de Santiago de Compostela. Como CEO de Pekecha, Verónica Ramallal (a esquerda) participou no VI Congreso Innovatía 8.3, do Instituto de Mujeres e USC. Tamén falou de modelo de negocio, estratexia e posicionamento competitivo no curso de verán «Emprender no sector turístico na Mariña Lucense», celebrado en Barreiros.

carse ao traballo en si.

—Que proxecto ten en marcha?

—Ando metida en miles de «fangos» como me gusta dicir, con todo o de Pekecha. Na Mariña temos que fomentar que a xente teña máis actitude emprendedora, por favor. Poñámonos as pilas, unámonos, fagamos cousas! Nada é eterno na vida. Ou te reciclas e te reinventas e aprendes a adaptarte ao novo sistema. Hai talento, hai materia, hai xente...
—Moitas veces dise que a comarca ten moito potencial...

—No curso de Barreiros escoitei a mesma frase. Alí había xente que dicía que botaba de menos non ter un catalizador, un canal, unha forma de cambiar as cousas.
—É umbral de proxectos.

—Tamén traballo en proxectos xa consolidados que necesitan efervescencia, dende a base dardes unha chispa para que non queden estancados. Como traballo con perfís diferentes, non me aburro nunca. É moi bonito.

AGENDA

Sigue Comercio na Rúa en Foz

FOZ / LA VOZ

Continúa Comercio na Rúa, de Aciá Foz-CCA, en Foz en un total de 34 negocios que sacan os artigos a la calle y ofrecen descuentos especiales, dignos de aprovechar.

Deslizador acuático gigante, cita focense

FOZ / LA VOZ

Después de tres días como oferta veraniega, hoy será el último día de apertura del deslizador acuático gigante, en el polideportivo de Campo da Cabana en Foz, en horario de 11.30 a 14.00 y de 16.30 a 20.30.

Hoy yoga para adolescentes en San Cibrao

CERVO / LA VOZ

Hoy habrá clases de yoga para menores de 10 a 12 años de edad, de 11.00 a 12.00 horas en la Casa do Mar de San Cibrao.

Espectáculo infantil en Mondoñedo

MONDOÑEDO / LA VOZ

Hoy a las 20.00 ofrecerá «Contos Animados» Expresión Producciones, en Praza do Concello en Mondoñedo.

Anotan en el Xantar de las fiestas de Ourol

OUROL / LA VOZ

Hasta el día 5 está abierto el plazo para anotarse en el Xantar Popular de las fiestas de Ourol que será el 8 de agosto. Inscriben en el Concello.